


MONSTR3S



Sinopse:

Chega a hora de durmir e o pequeno pide deixar a luz acesa porque ten medo do monstro de debaixo da cama. Coma nun teatriño, a lectora vai descubrindo que nese cuarto habitan tres criaturas diferentes, e goza de saber que ningunha sabe da existencia das outras. De forma divertida e emocionante, este conto, a modo de kamishibai, móstranos como as criaturas se atopan, se asustan e se reconcilian, mentres o escenario vai cambiando e se vai ordenando e desordenando en función do estado anímico dos personaxes. Ten un final con moitas posibilidades que fará gozar a lectoras e mediadoras da lectura, que non podemos desvelar nesta sinopse porque tedes que ler este libro.

Tema:

Monstr3s fálanos da atmosfera que se crea en cada casa cada noite á hora de ir durmir. No luscofusco, logo da cea e da ducha e dos dentes, chega a hora do contiño, e despois, cando chega o sono, chega tamén o medo, que nos ata ao mundo da vixilia, e nos impide gozar dos praceres dos soños.

Cada un xestiona o medo como pode, deixando luces acesas, portas, abertas. Máis a única forma de entender o medo é acendermos a luz e enfrontámonos a el.

Daquela, descubrimos que se cadra, o medo, tamén ten medo de nós, e se cadra, ese medo e mais nós, temos medos comúns.

A través destes tres Monstros de identidades discutibles, que se atopan por casualidade, poderemos reflexionar sobre a forza da identidade, o medo ao descoñecido e a natureza do medo mesmo.

Máis alá, nun plano máis metafórico, Monstr3s fálanos a todas as persoas, pequenas e adultas. Fainos reflexionar sobre a relatividade e a natureza dos nosos medos, e a escala en que os medimos. Faranos pensar se o medo, calquera que sexa, responde a construcións culturais ou é un impulso que procede das nosas propias limitacións.

Nunha lectura máis adulta, este libro nos fará reflexionar tamén como esa vixilia á que nos ata o medo, funciona como metáfora da vida mesma, e como o medo, malia necesario, nos impide descubrir e vivir con plenitude as nosas propias narrativas.

A forma

Monstr3s é un libro cun formato innovador, que semella unha peza de teatro ou unha película antiga, cunha presentación minimalista pero ao tempo, cheo de chiscadelas para o ollo que quere observar.

Estamos moi orgullosas deste traballo no que Óscar Villán, o ilustrador, soubo reflectir unha narrativa complexa, pois son tres universos diferentes no mesmo escenario, ilustrados de forma elegante e extremadamente creativa.

A engrenaxe entre texto e imaxe, entre o que pasa e o que se di, é moi delicada neste álbum, que pretende beber da natureza propia do libro álbum e xerar unha narrativa nova que xorde da mestura das linguaxes verbal, icónica e paratextual.

Aplicacións pedagóxicas:

Tanto pola súa temática como pola súa forma, este libro ten unha ampla explotación pedagóxica, podendo investigar cas crianzas diferentes fíos creativos. Así propoñemos as seguintes actividades:

1.A peza teatral: Converter este álbum nunha obriña de teatro, escribir os guións, memorizalos e representalos na aula. Estudar a figura da narradora, e as liñas de guión de cada personaxe

2.Deseña o teu propio monstr: Todas temos medo os monstros que viven no noso cuarto. Unha boa forma de entendela e superar eses medos é imaxinar quen son, onde viven, como é a súa familia, en que traballan. Isto pode dar lugar a unha exposición colectiva de monstros caseiros que todos queremos coñecer.

3.As gardas: O libro preséntanos un final alternativo que só se atopa nas gardas do libro. Logo dunha lectura en silencio, quen se decata do que acontece nas gardas? Esta revelación pode dar lugar a novos contos ou novas redaccións doutros finais para esta historia.

Título: Monstr3s

Autora: Laura Parrula

Ilustrador: Óscar Villán

Correctoras: Mónica Pazos e Saleta Fernández

Idioma: Galego

Páxinas: 40

Encadernación: Tapa dura

Tamaño: 210x297mm

Peso: 200gr

Edición: 1ª edición maio 2023

ISBN: 978-84-946341-5-4

Dep Legal: PO-79-2023

Editorial: Patasdepeixe



patasdepeixe